

Xoves, 6 de xullo de 2023

Núm. 130

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****CALDAS DE REIS****Recadación***APROBACIÓN PADRÓN AXUDA DOMICILIARIA DEPENDENCIA E CONCURRENCIA  
MES DE ABRIL 2023**EDICTO DE APROBACION DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA  
NO FOGAR. ABRIL 2023.*

En data 29 de Xuño do 2023, o Alcalde vén de ditar a seguinte resolución:

Vista a ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Caldas de Reis, publicada no BOP nº 210, do 31 de outubro do 2013.

Visto o informe emitido polo servizo, que detalla a relación de persoas usuarias, e os importes a abonar por cada unha delas en relación ao período considerado, tanto na modalidade de dependencia, como na de libre concorrencia.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

**RESOLVO:**

*Primeiro.- APROBAR OS PADRÓNS MENSUAIS da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes indicado, nas modalidades de dependencia e libre concorrencia, que responden ao seguinte resumo:*

<b>Dependencia.</b>	
Nº de liquidacións	51
Importe total	4.944,26 €
<b>Libre concorrencia.</b>	
Nº de liquidacións	15
Importe total	675,23 €

*Segundo.-* En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, EXPOÑER AO PÚBLICO OS PADRÓNS APROBADOS, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, POR UN PERÍODO DE 20 DÍAS dende a publicación, para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. Conforme ao disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,



Xoves, 6 de xullo de 2023

Núm. 130

esta publicación servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria,

- *Prazo de ingreso:* o período voluntario de cobranza será de DOUS MESES dende a publicación do presente edicto. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.
- *Lugar de ingreso e modalidade de cobro:* mediante domiciliación bancaria. Os recibos serán cargados dentro dos cinco primeiros días do período voluntario de cobranza.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario e sen máis notificacións nin requirimentos, as débedas non satisfeitas serán esixidas en vía executiva, devengándose os xuros de demora e recargas do período executivo, nos termos dos artigos 26, 28 e 62 da devandita lei, e no seu caso as costas do procedemento de prema, de acordo co preceptuado no artigo 161.4 da Lei 5/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

*Terceiro.-* Contra as liquidacións, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, segundo o establecido no artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, e de acordo co disposto no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate do período de exposición pública do padrón. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

Caldas de Reis, á data da sinatura dixital

O alcalde

